2º ENCONTRO INTERNACIONAL de CADERNOS DE VIAXE

COMPOSTELA ILUSTRADA

· OS CAMIÑOS A SANTIAGO ·

SANTIAGO DE COMPOSTELA XOVES · VENRES · SÁBADO · DOMINGO 9 · 10 · 11 · 12 de NOVEMBRO de 2017

2º ENCONTRO INTERNACIONAL DE CADERNOS DE VIAXE

COMPOSTELA ILUSTRADA

PROGRAMA



(A Coruña) É un dos máis celebrados debuxantes europeos. A súa obra —publicada en máis de vinte idiomas— abrangue con éxito a historieta —dende a páxina humorística ata a novela gráfica—, a animación —dende o cine de autor ata a colaboración con Spielberg—, e a ilustración. O seu penúltimo libro —Ardalén— foi Premio Nacional de Cómic en 2013. Este labor artístico compleméntase coa súa faceta de dinamizador do medio coa creación do salón do cómic da Coruña Viñetas desde o Atlántico, un referente en toda Europa que dirixe dende hai vinte anos, os Premios Castelao de Cómic, e agora este Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe.

miguelanxoprado.com

Miguelanxo Prado

Director do Encontro

Foron e son moitas as persoas que aseguran que, ben máis que o destino da viaxe, o que lles enche, motiva e satisfai é a experiencia do propio percorrido, da viaxe mesma. É común tamén esa idea como metáfora da vida.

Así, o destino é unha meta, pero o xeito de acadala, de chegar a ela dende distintas procedencias, por diferentes vías, resulta en experiencias diversas. E mesmo, compartindo procedencia e ruta, o xeito de ollar, de entender, de achegarse a todo aquelo que imos atopando no percorrido..., as nosas peculiaridades persoais, en suma, encherán as follas dos nosos cadernos con resultados dispares.

Chegamos a Compostela dende todos os puntos do compás, por múltiples medios e percorrendo múltiples Camiños que, as máis das veces, mesmo teñen nome.

Chegamos a Compostela debuxando os Camiños.

Miguelanxo Prado

PROGRAMA

Xoves 9 de novembro

Quentando os Cadernos

9:30-11:30 Debuxando con **Santiago Ríos.**
Auditorio de Galicia: Ensaio xeral da Real Filharmonía de Galicia baixo a dirección de Timothy Brock.

13:00 Recepción de participantes e inauguración da mostra *Camiña/Camiño. De Porto a Santiago* na **Galería Sargadelos.**

14:00 Xantar

16:00-19:00 Debuxando con **Mr Zé.**
Obradoiro de caligrafía expresiva aplicada ao caderno de viaxe. Hospedería de San Martín Pinario. **SALA PALATINO. 30 prazas. COMPLETO**

16:00-18:30 Obradoiro con **Javier Valles.**
Como facer un caderno en forma de acordeón. Hospedería de San Martín Pinario. **SALA ITINERE. 25 prazas**

18:30-19:30 O debuxante **Jorge Arranz** personaliza bolsas de tea con motivos de Santiago na **Librería Cronopios.**

19:30 Coñecendo a **Joaquín González Dorao.**
Presentación e sinatura de libros na **Librería Cronopios.**

Venres 10 de novembro

Acompaña a...
Grupo1: 09:30-12:00
Mestre Munehiro Ikeda
Museo das Peregrinacións

Grupo 2: 09:45-11:00
Lapin. Interior da Catedral de Santiago

Grupo 3: 9:30-12:30
Jorge Arranz. De Santiago a Padrón en tren para debuxar a Casa de Rosalía.

Grupo 4: 9:30-11:30
Miguelanxo Prado
Hostal dos Reis Católicos

Grupo 5: 10:00-12:00
Fernanda Lamelas
Museo da Catedral

Grupo 6: 10:00-12:00
Isabell Seidel. Rúa Carretas: Centro de Acollida ao Peregrino

13:00 Visita á mostra *Camiño Francés* **do Mestre Munehiro Ikeda.** Museo das Peregrinacións.

14:00 Xantar

16:00-19:45 Xornadas de Ilustración Urbana. Auditorio de Galicia. Conferencias do **Mestre Munehiro Ikeda, Santiago Ríos, Isabell Seidel** e **Blanca Escrigas.**

20:30 **Presentación do libro *Camiña/Camiño*** con Fernanda Lamelas e Teresa Ruivo, na **Libraría Lila de Lilith.**

21:30 **A Tapa Ilustrada** no Distrito Altamira

Sábado 11 de novembro

Acompaña a...
Grupo1: 11:00-13:00
Mestre Munehiro Ikeda
Museo das Peregrinacións

Grupo 2: 08:00-10:30
Lapin. Interior da Catedral de Santiago

Grupo 3: 9:30-12:30
Jorge Arranz. De Santiago a Padrón en tren para debuxar a Casa de Rosalía.

Grupo 4: 9:30-11:30
Miguelanxo Prado
Hostal dos Reis Católicos

Grupo 5: 10:00-11:30
Teresa Ruivo
Cubertas da Catedral de Santiago

Grupo 6: 10:00-12:00
Blanca Escrigas. Rúa Carretas: Centro de Acollida ao Peregrino

13:00 Visita á mostra *Por fin Santiago!* **de Alfredo.** Museo das Peregrinacións

14:00 Xantar

16:00-19:45 Xornadas de Ilustración Urbana. Auditorio de Galicia. Conferencias de **Jorge Arranz, Joaquín González Dorao** e **Lapin.**

20:30 Coñecendo a **Lapin.** Presentación e sinatura de libros na **Libraría Couceiro.**

21:30 **A Tapa Ilustrada** no Distrito Altamira

Domingo 12 de novembro

10:30 Gran quedada con todos os participantes para debuxar. Na Praza do Obradoiro

12:30 Fotografía oficial

13:00 Visita guiada á mostra *Camiño do Norte* **de Eduardo Baamonde.** No claustro da Hospedería San Martín Pinario

14:00 Xantar e peche **das xornadas**

Munehiro Ikeda

(Tokio) Licenciado na prestixiosa escola de Belas Artes Musashino Bijutsu Gakko (Tokio), especializouse en escultura, creando un estilo propio nas súas obras de forma orgánica en bronce. En 1983 acadou unha bolsa da Axencia de Asuntos Culturais do Goberno do Xapón para investigar a arte románica española e percorreu o Camiño Francés a Santiago para estudar en profundidade este período artístico in situ. Realizou un caderno de máis de 400 páxinas con debuxos feitos á man reflectindo todas as etapas, que hoxe en día se exhibe no Museo das Peregrinacións de Santiago. A experiencia do Camiño influíu profundamente na súa maneira de traballar na súa obra escultórica.

Alfredo

(Asturias) Cando a afección polos cadernos de viaxe e os movementos de ilustradores urbanos aínda non estaban de moda, Alfredo xa saía á rúa con papel e lapiseiros de cores para retratar as cidades. Aos seus 84 anos pode dicirse que é o decano deste movemento, cun estilo moi persoal e esquemático que, con moi poucas liñas e unha grande expresividade, o leva a plasmar, coma se dun lampo se tratase, unha cidade, un recanto, uns personaxes... Ademais de crear os seus cadernos, desenvolveu unha gran carreira no mundo da publicidade en América e España, e ilustrou máis dunha trintena de libros, entre eles un sobre o Camiño de Santiago, con preto dun cento de ilustracións.

alfredoilustrador.blogspot.com



Jorge Arranz

(Madrid) Nos anos oitenta comeza a debuxar historietas sobre urbanismo na revista Madriz e sobre viaxes na revista Cairo. Desa época son famosas as súas vistas dende as alturas da cidad de Madrid, que se converteron en iconas da capital para unha xeración. Gústalle debuxar o que o arrodea e contar o que descobre. Viaxa debuxando, descubrindo cidades a través do apuntamento directo, en vivo, para logo comunicar a súa experiencia en exposicións e publicacións. Unha das súas paixóns son os trens e debuxar dende as súas fiestras, o que o levou a publicar cadernos de viaxe como En el Ave con humor, El tren de los tebeos, Dibujando el Transcantábrico ou Galicia en Tren. www.jorgearranz.com

Lapin

(París) Debuxante profesional e Urban sketcher residente en Barcelona, defínese como un ilustrador móbil que leva o seu caderno e o material de debuxo pola rúa, no bar, no metro..., dende Estambul ata Tokio. Bosquexar é para él unha maneira de plasmar cada instante da súa vida e sentirse vivo. Realizou máis de 170 cadernos durante os últimos 15 anos e gústalle debuxar especialmente en vellos libros de contabilidade que atopa nos mercados. Ademais de capturar a súa vida nos seus cadernos, Lapin ensina tamén a arte de debuxar en universidades e academias. Ten publicados varios libros sobre Cuba, Xapón, Estambul, Barcelona e París. lesillustrationsdelapin.com

PHOTO © LUCY_BALUTEIG FOR URBANSETTERS

Blanca Escrigas

(Ferrol) Arquitecta de profesión, a súa afección pola pintura nace na infancia, aínda que foi mentres estudaba na universidade cando comezou a súa verdadeira paixón polos trazos en acuarela. É autodidacta nesta arte, que combina con outra das súas paixóns: o surf. Realiza sempre os seus traballos en acuarela porque con ela, segundo afirma, logra un trazo preciso pero informal e solto asemade. Con esta técnica recibiu numerosos premios de pintura e expuxo as súas obras en Galicia e Madrid.

Fernanda Lamelas

(Lisboa) Arquitecta de profesión, é unha apaixonada do debuxo. «Gústame viaxar, coñecer novos lugares que gardo nos meus cadernos ilustrados. Tamén me gusta debuxar o día a día, a gastronomía, as paisaxes, a arquitectura, as persoas e os momentos que vivo. Debuxar cambiou a miña percepción do mundo. Debuxar é a miña meditación. Deseñar, máis que unha paixón, é unha forma de estar na vida». Participou en diversas exposicións colectivas de debuxantes de cadernos e colaborou como ilustradora en diversas publicacións e en libros como Palácios e Casas Senhoriais de Portugal.

fernanda-lamelas.blogspot.pt



Isabell Seidel

Filóloga e pedagoga, hai moito tempo
que se perdeu nos mundos da cor, da forma
e da observación para recrealos en pigmentos sobre
papel aglutinado por unha pinga de goma arábica e disolto nun
mar de auga. Leva traballando coas mans dende que era nena,
experimentando coas cores, formas e materiais, para converterse
nunha apaixonada da pintura, o deseño, a xardinería e as
viaxes. É correspondente de Urban Sketchers Spain e promove o
debuxo urbano en Galicia. isabellseidel.com





Joaquín González Dorao

(Cádiz) É ilustrador profesional e autor de Cadernos de Viaxe
sobre distintos lugares do mundo, dos que leva publicados xa máis
de vinte. Nas súas obras mestura as súas dúas paixóns: a viaxe
e o debuxo con acuarela. Autodidacta e patoloxicamente curioso,
segue a pensar que o seu último traballo sempre é o mellor, aquel
no que destila todo o que leva aprendido cos anteriores. Comeza
sempre os debuxos cunha base de lapis, que detalla e estiliza con
rotuladores, e completa con acuarela, engadindo logo tipografía,
en forma de titulares e textos, e, ás veces, elementos atopados que
pega sobre as ilustracións. Dálles grande importancia á composición
e á tipografía, consecuencia se cadra da súa experiencia no deseño
gráfico. joaquingonzalezdorao.com

Teresa Ruivo

(Lisboa) Psicóloga de profesión, comezou a debuxar cadernos hai tres anos, sen pensar que o deseño sería tan importante na súa vida futura. Gústalle debuxar os lugares polos que pasa, os pequenos xestos, as rutinas diarias da xente e diversas situacións que dalgunha maneira a impresionan. Nos seus cadernos esfórzase por ir máis aló da ilustración, para contar unha historia e reflexionar sobre a realidade.

Desenvolve, por iniciativa propia, un proxecto no Instituto Portugués de Oncoloxía de Lisboa, Desenhar Contigo, no que leva a cabo un obradoiro semanal con rapaces con enfermidades oncolóxicas, que publica no Instagram @desenharcontigo.

teresaruivo.blogspot.pt

Santiago Ríos

(Zaragoza) É doutor enxeñeiro de minas, na especialidade de xeoloxía, de profesión, e autodidacta no campo da pintura e o debuxo. Ao longo da súa vida sempre mostrou interese polas artes plásticas, pero non foi ata a súa xubilación cando se decidiu a coller os pinceis e a plasmar no papel a súa afección. A música foi tamén unha constante na súa vida, e da combinación de ambas as dúas cousas nace a súa temática pictórica: debuxar orquestras. Leva máis de vinte anos recollendo os movementos sonoros dos músicos en cadernos, e este ano publicou unha escolma deles.

FOTO VICENTE ALMAZAN

Mr. Zé

(Félix Rodríguez. Valladolid) Amante das tipografías, e da letra en xeral, é director creativo e cofundador do Estudio Pobrelavaca dende hai máis de quince anos, onde comezou a desenvolver traballos profesionais de lettering e caligrafía para identidades visuais. Os seus traballos de caligrafía son fortes, sempre coa pretensión de plasmar ese aspecto urbano que lle outorga un signo de identidade persoal. O seu contacto coa rúa foi temperán, de aí que o seu desenvolvemento caligráfico urbano acabase por convertelo no primeiro embaixador oficial español do movemento Calligraffiti. O seu traballo puido verse en festivais de Street Art en Hamburgo, París ou Milán.

Eduardo Baamonde

(Vilalba) Debuxante infatigable que sae á rúa sempre acompañado dun caderno e unha caixiña de acuarelas, é autor e ilustrador de varios libros infantís. Como pintor leva feitas máis de sesenta mostras individuais e acadou numerosos premios e recoñecementos, sobre todo na especialidade de Pintura Rápida. Conta con varios cadernos de viaxe nos que os debuxos de Baamonde destacan os valores patrimoniais, paisaxísticos e culturais de Santiago, O Camiño Norte, O Camiño Primitivo, A Mariña de Lugo, A Ruta Pardo de Cela, O Salnés, O Grove, Pontevedra, Vilalba e A Terra Chá, Ribadeo, Viveiro ou Cambados. eduardobaamonde.net

OBRADOiRO

Fabrica o teu caderno

www.facebook.com/javier.valles

Javier Valles

ensina como facer un caderno
en forma de acordeón

Javier Valles (Asturias) é técnico superior e formador en Artes Plásticas e Deseño. Dende 1998, ao longo da súa traxectoria creativa, recolle das súas viaxes a esencia das paisaxes de aire, aquelas que pasan desapercibidas, arraigadas ao seu espazo onírico e real, que son parte importante da súa vida, plasmándoas a través da formación que imparte e da exposición das súas obras artísticas. Os seus elementos de interpretación son materiais como papel, madeira, barro, metal…e confórmaos nos campos da encadernación, kirigami, talla en madeira, cerámica e xoiería, dándolles a eses mundos de silencio, voz no respecto e un significado sentimentalmente particular e imperecedero.

Prezo do taller: 30 euros

Inclúense os materiais para a súa elaboración.

Xoves 9 de novembro das 16:00 ás 18:30 horas

25 prazas

COMPOSTELA ILUSTRADA

OBRADOiRO

Caligraffiti

Mr. Zé

Caligrafía expresiva e intervención

Amante das tipografías, e da letra en xeral, é director creativo e cofundador do Estudio Pobrelavaca dende hai máis de quince anos, onde comezou a desenvolver traballos profesionais de lettering e caligrafía para identidades visuais. Os seus traballos de caligrafía son fortes, sempre coa pretensión de plasmar ese aspecto urbano que lle outorga un signo de identidade persoal. O seu contacto coa rúa foi temperán, de aí que o seu desenvolvemento caligráfico urbano acabase por convertelo no primeiro embaixador oficial español do movemento Calligraffiti. O seu traballo puido verse en festivais de Street Art en Hamburgo, París ou Milán.

Prezo do taller: 30 euros

Hospedería de San Martín Pinario

Xoves 9 de novembro das 16:00 ás 19:00 horas

30 prazas

COMPOSTELA ILUSTRADA

EXPOSICIÓN

2º ENCONTRO INTERNACIONAL DE CADERNOS DE VIAXE COMPOSTELA ILUSTRADA

O Camiño Francés a Santiago

Mestre Munehiro Ikeda

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

Praza das Praterías, 2. Santiago de Compostela

Novembro e decembro de 2017

COMPOSTELA ILUSTRADA

EXPOSICIÓN

2º ENCONTRO INTERNACIONAL DE CADERNOS DE VIAXE COMPOSTELA ILUSTRADA



Por fin Santiago!

Alfredo

MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO

Praza das Praterías, 2. Santiago de Compostela

Novembro e decembro de 2017

COMPOSTELA ILUSTRADA

EXPOSICIÓN

2º ENCONTRO INTERNACIONAL DE CADERNOS DE VIAXE COMPOSTELA ILUSTRADA

Camiño do Norte

Eduardo Baamonde

SAN MARTÍN PINARIO
HOSPEDERÍA. SEMINARIO MAYOR

CLAUSTRO DA HOSPEDERÍA DE SAN MARTÍN PINARIO
Praza da Inmaculada, 3. Santiago de Compostela
Do 9 ao 30 de novembro de 2017

COMPOSTELA ILUSTRADA

Blanca Escrigas
Fernanda Lamelas
Isabell Seidel
Teresa Ruivo

de Porto a Santiago

Catro ilustradoras no Camiño da Costa

do 20 de outubro
ao 30 de novembro
de 2017
galería sargadelos
santiago de compostela

CONCELLO DE SANTIAGO
SANTIAGO DE COMPOSTELA TURISMO
XUNTA DE GALICIA
galicia

COA COLABORACIÓN DE
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA · axeitos · canson · ALVA · Gonzacar · SÁDFÉLIX HOTEL · FLOK DE SAL

PRESENTACIÓN

Joaquín González Dorao

Guía Ilustrada das Igrexas de Santiago de Compostela

A última obra do ilustrador gaditano, editada en galego, español, inglés e alemán. Un percorrido visual polas igrexas máis importantes de Santiago de Compostela, acompañado polos textos de Marta González

cronopios

Librería Cronopios
Alfredo Brañas, 24. Santiago de Compostela
Xoves 9 de novembro ás 19:30 horas

COMPOSTELA ILUSTRADA

PRESENTACIÓN

Ilustración: Fernanda Lamelas

Camiña/Camiño. De Porto a Santiago

Fernanda Lamelas,
Teresa Ruivo,
Isabell Seidel
e Blanca Escrigas

As ilustradoras portuguesas Fernanda Lamelas e Teresa Ruivo presentan o libro "Camiña/Camiño. De Porto a Santiago", un proxecto expositivo e editorial que busca reinvindicar o papel das mulleres no mundo da arte da man do traballo de catro ilustradoras. No acto estarán tamén presentes as outras autoras, Isabell Seidel e Blanca Escrigas.

lila.

Librería Lila de Lilith
Rúa Travesa, 7. Santiago de Compostela
Venres 10 de novembro ás 20:30 horas

Presenta: Marta Lois, Concelleira de Turismo e Igualdade de Santiago

COMPOSTELA ILUSTRADA

PRESENTACIÓN

Lapin
Cadernos de viaxe

O debuxante francés presenta
os seus últimos cadernos de viaxe:
Barcelona. Modernisme, beyond Gaudi,
Barcelona Original,
Paris Je t´aime,
e Cuaderno de Cuba

libraria couceiro

Librería Couceiro
Praza de Cervantes. Santiago de Compostela
Sábado 11 de novembro ás 20:30 horas
Presenta: Miguelanxo Prado, debuxante

COMPOSTELA ILUSTRADA

ATAPAILUSTRADA

Noites Gastronómicas
VENRES 10 E SÁBADO 11 DE NOVEMBRO ÁS 21:30 H
en colaboración coa
Asociación Cívica, Cultural e Gastronómica
Distrito Altamira

Venres e sábado visitaremos seis locais do distrito Altamira para cear e debuxar. O prezo para cada día é de 15 euros -5 euros por cada local-, que se pagarán no propio establecemento. As tapas que se presentarán serán elaboradas en exclusiva para Compostela Ilustrada, e acompañaranse dun viño, cervexa ou refresco.

Entre as 21:30 e as 00:00 horas, os restaurantes terán preparada a túa tapa ilustrada. Podes ir a calquera deles -en calquera orde-, identificándote coa túa acreditación de Compostela Ilustrada.

Venres 10 a cita será en:
Abastos 2.0 Mercado de Abastos. Rúa das Ameas 15-18
Café Altamira Rúa das Ameas 9
Oliveira Rúa da Oliveira 3

Sábado 11 a cita será en:
Milonga´s Rúa Preguntoiro 9
Casa Pepe Cantón de San Bieito 5
Orixe Rúa das Casas Reais 21

COMPOSTELA ILUSTRADA

ORGANIZA

COMPOSTELA ILUSTRADA

CO APOIO DE

CONCELLO DE SANTIAGO

Deputación DA CORUÑA

CONSORCIO DE SANTIAGO

FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO

COA COLABORACIÓN DE

XUNTA DE GALICIA galicia

galicia calidade

ARTESANÍA DE GALICIA

El Patito Editorial

Petroni O VERMÚ DE GALICIA

San Martín Pinario

PARADORES

DISTRITO ALTAMIRA

CASA DE ROSALÍA

SARGADELOS

renfe

Sadipal

CASA GALICIA JAPÓN

cronopios

librería couceiro